

Os psicólogos/as profesionais celebran a 3ª edición desta reunión científica do 2 ao 4 de xuño en Compostela

Máis de cen relatores/as participan no maior congreso galego de psicoloxía dos últimos 25 anos

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2016. Os días 2, 3 e 4 de xuño a psicoloxía profesional protagonizará a cita máis relevante do sector nos últimos 25 anos en Galicia: será a terceira edición do Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia "Camiños da Psicoloxía". Organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), constitúe o maior encontro na nosa Comunidade desde a última edición, celebrada en 1991. Xa está pechado boa parte do programa científico, no que se inclúe a máis de cen relatores e relatoras de primeiro nivel, tanto de Galicia como do conxunto do Estado.

A sede será o Palacio de Congresos, en Santiago de Compostela, e abordaranse diferentes ámbitos da psicoloxía, como a saúde, a educación, a xustiza, os servizos sociais, o traballo e as organizacións, as emerxencias, o tráfico, o xénero, a mediación ou o deporte. Desde o COPG enfróntase este Congreso como unha oportunidade excelente para o encontro e a participación de todos e todas as profesionais do territorio, para actualizar coñecementos e reflexionar sobre os distintos aspectos do saber que conforman unha disciplina ampla con especial vocación aplicada. Presidido pola decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, trátase dun dos meirandes retos do Colexio a nivel de organización e dos máis ilusionantes, tendo en conta o tempo transcorrido desde a última edición, en 1991, e os cambios experimentados na profesión e na sociedade.

A intención deste encontro é contribuír ao sostido crecemento científico e ao recoñecemento social que experimentou a Psicoloxía nas últimas décadas. O Comité Organizador deste Congreso, presidido por Víctor M. Torrado Oubiña e integrado por representantes das diferentes seccións, comisións e grupos de traballo do COPG, deseñou un programa que pretende afondar nos cambios e nos retos que demanda a sociedade por parte dos e das profesionais da psicoloxía.

"Ao longo de tres días, en catro salas simultáneas, terán lugar 7 obradoiros, 11 conferencias e vinte e tres simposios", explicou Víctor Torrado, que quixo incidir nas diferentes áreas nas que se traballará. "Contamos cun simposio dedicado ao suicidio, un comportamento humano frecuentemente considerado desde antigo como tráxico, vergoñento, incomprendido ou pecaminoso, que debe entenderse de maneira urxente pola Administración como un problema de saúde pública", subliñou.

Cada día, os medios de comunicación énchense de novas nas que a psicoloxía pode ser parte da solución e desde logo, un recurso imprescindible para o benestar da cidadanía. Cuestións de saúde pública de plena actualidade como a depresión ou o dano cerebral adquirido serán tratadas neste Congreso. Temas de especial transcendencia social, como a protección da infancia e da adolescencia, a intervención con menores infractores ou a corrupción, terán tamén o seu espazo dentro do programa. A seguridade viaria ou o envellecemento da poboación e as súas consecuencias centrarán algunhas das propostas, sen esquecer outras máis innovadoras, como son o *coaching* ou a psicoloxía deportiva.

Tamén será ocasión de ollar cara a dentro na profesión, cun simposio sobre deontoloxía e a posición da psicoloxía dentro da sociedade, así como coas intervencións de varios dos psicólogos e psicólogas que realizaron cadansúa investigación a través das becas Manuel Siota outorgadas polo Colexio. A aplicación da psicoloxía no ámbito da xustiza terá tamén a súa parcela, reflexionando sobre a perfilación psicolóxica na práctica forense de delitos violentos ou a práctica da mediación. A intervención psicolóxica en emerxencias e a abordaxe terapéutica da violencia de xénero serán outras das temáticas que se tratarán.

Ademais dos simposios e conferencias, durante o xoves e o venres celebraranse obradoiros nos que se traballarán diversas competencias, desde o *mindfulness* ás ferramentas de avaliación do acoso no traballo, pasando polas competencias emocionais ou pola avaliación da credibilidade da testemuña, entre outros. A inscrición nestes obradoiros é de balde.

Ata o 31 de marzo poden enviarse comunicacións libres, tanto en formato póster, comunicación oral ou simposio, que optarán aos premios á mellor modalidade en cadanseu formato de comunicación, avaliadas polo comité científico do Congreso. A inscrición ao congreso, así como o envío das comunicacións libres, pode realizarse a través da páxina web, <http://iiicongresodepsicologia.copgalicia.gal/>

Serán tres días de intensa actividade cun atractivo programa no que se realizarán algunhas incorporacións nas vindeiras semanas e co que se percorreras os diferentes roteiros e desafíos que nos ofrece a psicoloxía nestes tempos, desde as súas diferentes áreas.

Contacto para os medios de comunicación:

Eliana Martínez / 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal

CAMINOS DA
PSICOLOXÍA

III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia 2016